



CIRCULAR 149-2024.

I CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE TRAIL RUNNING SUBIDA VERTICAL.

- **A todas as delegacións da FGA.**
- **A todos/as os/as asembleístas**
- **A todos os clubs galegos con licenza vixente**
- **A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente**
- **A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente**

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o Campionato Xunta de Galicia de Trail Running - Subida Vertical, o 3 de novembro de 2024 no concello de Vilamartín de Valdeorras (Ourense).

Art.2).- Poderán participar atletas dende Sub 16 en adiante con licenza na presente tempada pola FGA.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> con límite ata o luns 28 de outubro ás 20:00 horas.

Art.4).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- A entrega realizarase no [Pavillón Municipal "Luis Nogueira"](#) no seguinte horario:
 - o Sábado 02 de novembro de 17:00 a 19:00 horas.
 - o Domingo 03 de novembro de 8:30 a 9:30 horas.
- Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.5).- Cámara de chamadas

- Os participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto antes do peche da mesma. De non ser así, non poderá participar salvo causa xustificada e aceptada polo xuíz árbitro da competición.
- Os atletas deberán saír á zona de competición coa camiseta e o dorsal posto.
- Peche da cámara de chamadas → 15' antes da proba.

Art.6).- Horario, distancia e lugar de saída: [\(anexo co percorrido e perfil ao final do documento\)](#)

| APERTURA C. CHAMADAS | PECHE C. CHAMADAS | HORA SAÍDA | CARREIRA | DISTANCIA | DESNIVEL | PECHE* CONTROL |
|---------------------------------|------------------------------|-----------------------|------------------------------|------------------|-----------------|---------------------------|
| 09:30 | 09:45 | 10:00 | Absoluta Sub 23 Máster | 4,2 km | 1015 m | 120' |
| 10:30 | 10:45 | 11:00 | Sub 16 Sub 18 Sub 20 | 2,1 km | 505 m | 90' |

*Pecharase o control de chegada unha vez cumprido o tempo límite establecido dende a saída da proba.



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Localización da saída:

- A Ponte nova da Barca de Arnado: <https://maps.app.goo.gl/rX27puceye9QdJPZ9>

Art.7).- Material obrigatorio e auxiliar

- O material estará revisado polo Comité Galego de Xuíces, podendo facerse total ou parcialmente na saída, meta ou durante o percorrido.
- Os deportistas deberán portar o material que empreguen, obrigatorio ou non, dende a saída ata meta, non podendo abandonalo nin recibir axuda externa.
- As penalizacións e descualificacións, sobre o material obrigatorio, serán de aplicación segundo o recollido na circular 105-2023 da Federación Galega de Atletismo.

Listaxe de material obrigatorio:

- ❖ Poderase modificar na semana do Campionato, atendendo á climatoloxía.
 - Dorsal visible no peito
 - Manta térmica

Material auxiliar:

- Chifre
- Teléfono móbil operativo
- Sistema de hidratación
- Chaqueta impermeable ou curta ventos
- Gorro, gorra, viseira ou tubular
- Luvas
- Camiseta térmica de manga longa ou curta mais manguitos.
- Malla longa.

Art.8).- Abastecemento

- A proba realizarase en autosuficiencia, polo que non se permite a asistencia externa en ningún punto do percorrido.
- Haberá un punto de abastecemento na meta de cada proba.
- Non haberá vasos, polo que será imprescindible o uso de recipiente persoal.

Art.9).- Premios

- Os tres primeiros atletas clasificados absolutos, Sub 23, Sub 20, Sub 18, Sub 16 e de cada unha das categorías Máster, masculinos e femininos, recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato.
- A entrega de premios realizarase ás 13:00 horas no [Pavillón Municipal "Luis Nogueira"](#).



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Art.10).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio do Campionato ou a non participación final, terá unha sanción de 5 euros, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA a través do correo competicion@atletismo.gal
- Inscricións fora de prazo: 10 euros de recargo. A súa aceptación será competencia do director técnico, podendo ser esta denegada.

Art.11).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 30 de setembro de 2024

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo



Percorrido e Perfil da proba

Saída en A Ponte nova da Barca (313 m.), crúzase para a beira esquerda do río Sil e ascéndese cara o cumio do Monzón (1.329 m.).

O itinerario de regreso estará sinalizado, debendo facelo o deportista polo seu propio pé, sempre respectando ós competidores presentes.

